

PRESENTACIÓN DA MATERIA - CURSO 2023/24

I.E.S. GREGORIO
FERNÁNDEZ

MATERIA: MATEMÁTICAS B

CURSO: 4º E.S.O.

INTRODUCCIÓN

Este documento é un resumo da programación da materia de Matemáticas B para 4º ESO. A programación completa estará a disposición da comunidade educativa na dirección do centro. Os contidos e organización da materia de Matemáticas están plantexados seguindo as leis vixentes actualmente: **Real Decreto 21/2022**, que establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da ESO; **Decreto 156/2022**, que establece a ordenación e o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia; e a **Orde do 26 de maio de 2023**, pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.

OBXECTIVOS DAS MATEMÁTICAS NA ESO

- OBX1. Interpretar, modelizar e resolver problemas da vida cotiá e propios das matemáticas aplicando diferentes estratexias e formas de razoamento para explorar distintas maneiras de proceder e obter posibles solucións.
- OBX2. Analizar as solucións dun problema usando diferentes técnicas e ferramentas e avaliando as respostas obtidas para verificar a súa validez e idoneidade desde un punto de vista matemático e a súa repercusión global.
- OBX3. Formular e comprobar conxecturas sinxelas ou expor problemas de forma autónoma, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación para xerar novos coñecementos.
- OBX4. Utilizar os principios do pensamento computacional organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, interpretando, modificando e creando algoritmos para modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz.
- OBX5. Recoñecer e utilizar conexións entre os diferentes elementos matemáticos interconectando conceptos e procedementos para desenvolver unha visión das matemáticas como un todo integrado.
- OBX6. Identificar as matemáticas implicadas noutras materias e en situacións reais susceptibles de ser abordadas en termos matemáticos, interrelacionando conceptos e procedementos para aplicalos en situacións diversas.
- OBX7. Representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos, información e resultados matemáticos usando diferentes tecnoloxías, para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos.
- OBX8. Comunicar de forma individual e colectiva conceptos, procedementos e argumentos matemáticos usando unha linguaxe oral, escrita ou gráfica e utilizando a terminoloxía matemática apropiada, para lles dar significado e coherencia ás ideas matemáticas.
- OBX9. Desenvolver destrezas persoais identificando e xestionando emocións, poñendo en práctica estratexias de aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ante situacións de incerteza para mellorar a perseveranza na consecución de obxectivos e o gozo na aprendizaxe das matemáticas.
- OBX10. Desenvolver destrezas sociais recoñecendo e respectando as emocións e as experiencias dos demais, participando activa e reflexivamente en proxectos en equipos heteroxéneos con roles asignados para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e grupal e crear situacións saudables.

CONTIDOS DO CUARTO CURSO

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
Bloque 5. Sentido estocástico <ul style="list-style-type: none">• Organización e análise de datos.• Medidas de posición e dispersión.• Cálculo de probabilidade.• Inferencia. Bloque 1. Sentido numérico. <ul style="list-style-type: none">• Cálculo.• Números reais. Logaritmos. Erros absoluto e relativo.• Intervalos na recta real.• Proporcionalidade directa e inversa.	Bloque 4. Sentido alxébrico. <ul style="list-style-type: none">• Linguaxe alxébrica. Ecuacións e sistemas de ecuacións.• Inecuacións.• Relacións e funcións. Bloque 3. Sentido espacial. <ul style="list-style-type: none">• Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións.	Bloque 3. Sentido espacial. <ul style="list-style-type: none">• Vectores.• Movementsos e transformacións. Bloque 2. Sentido da medida. <ul style="list-style-type: none">• Medición. Razóns trigonométricas.• Crecemento e decrecemento de funcións.
Bloque 6. Sentido socioafectivo. (Traballarase ao longo de todo o curso) <ul style="list-style-type: none">• Crenzas, actitudes e emocións.• Traballo en equipo e toma de decisións.• Inclusión, respecto e diversidade.		

METODOLOXÍA

Ao principio do tema ou unidade didáctica presentaranse os contidos coa axuda do libro de texto ou do material utilizado e do taboleiro, e se repasarán os conceptos previos que se necesiten.

No desenvolvemento da unidade irase alternando a adquisición de novos coñecementos coa realización de exercicios e problemas relacionados cos mesmos. Ao final da unidade faranse actividades mesturadas de toda a unidade, para que o alumno consolide os coñecementos.

O profesor garantirá que os alumnos coñecerán a resolución correcta de todas as actividades propostas, e que poderán aclarar calquera dúbida relacionada con elas.

O desenvolvemento das clases farase de forma activa e participativa, tratando na medida do posible, de que sexan os alumnos os que expoñan a resolución das actividades, ben no taboleiro, ben mediante preguntas e respostas co profesorado

SISTEMA DE AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación continua no que en cada actividade de avaliación poden entrar tamén os contidos anteriores. A cualificación de cada alumno nunha avaliación obterase a partir dos seguintes aspectos:

- **NOTAS DAS PRBAS ESCRITAS.** Cada trimestre realizaranse como mínimo dúas actividades de avaliación (probas escritas, traballos...). De todas elas calcularase a nota media.
- **OUTRAS NOTAS.** As actividades realizadas e/ou plantexadas na clase (corrección de exercicios no taboleiro, recollida de exercicios, exercicios propostos para a casa, etc.)

NOTA DE AVALIACIÓN

- Para calcular a **nota da avaliación** teranse en conta as seguintes porcentaxes:
 - 80% a nota das probas escritas.
 - 20% as outras notas.
- No boletín de cualificación figurará a nota resultante redondeada.

RECUPERACIÓN

Ao rematar cada avaliación, realizarase un exame de recuperación de dita avaliación para aqueles alumnos que non teñan superada esa parte. A nota dese exame substituirá a nota das probas escritas da avaliación correspondente.

NOTA FINAL

Haberá tres sesións de avaliación parciais. Antes da data da avaliación final realizarase un exame de recuperación para que os alumnos poidan recuperar aquelas partes da materia que non tiñan superadas. A nota deste exame substituirá á nota da avaliación ou avaliacións correspondentes.

A **cualificación final** será a nota media das tres avaliacións redondeada ó enteiro máis próximo, tendo en conta os seguintes puntos:

- Se en algunha das avaliacións a nota é inferior a 3, a nota final será como máximo de 4.

Para a promoción dos alumnos aplicaranse os criterios establecidos pola lexislación vixente.

Sarria, a 11 de setembro de 2023

A profesora

Asdo: Fe Pérez Pérez